



▶ 27 Octubre, 2015

A sede da **Uned** de Lugo será o centro de estudos a distancia de referencia no Noroeste

APERTURA. O EDIFICIO, DE CATRO PLANTAS, TERÁ CAPACIDADE PARA ACOLLER MÁIS DE 2.200 ESTUDANTES. A DEPUTACIÓN LUCENSE FINANCIA AS OBRAS DE REMODELACIÓN E CEDERÁ O USO DO INMOBLE POR 30 ANOS

A sede da Universidade Nacional de Educación a Distancia (**Uned**) de Lugo será o centro de estudos a distancia de referencia no Noroeste de España. As obras, consistentes na remodelación do bloque 1 do antigo hotel Miño, están financiadas pola Deputación de Lugo, que adxudicou o proxecto á empresa Construcciónes Carballeira de A Pontenova.

O complexo educativo terá 1.993 metros cadrados, cunha media de 500 metros cadrados por planta, distribuídos en catro alturas. Na planta baixa situarase unha biblioteca de acceso libre, cuxa extensión triplica á existente na actualidade. Terá unha conexión a Internet de 10 megas. Ademais, localizarase o departamento de orientación, formación e emprego, así como o de atención ó alumnado.

Na primeira planta haberá seis aulas, divididas con tabiques móbiles, o que fará posible que en tempadas de maior afluencia de estudantes, por exemplo durante a celebración de exames, quede unha soa sala con capacidade para 200 persoas. Neste espazo tamén se ubicarán a sala de reunións e a de dirección.

Na segunda planta estarán as restantes 12 aulas, dun total de 18, así como a área de informática. A terceira planta, onde houbo unha terraza, converterase no espazo que acolla o salón de actos, con capacidade para 165 persoas, e os laboratorios, o que evitará que os estudantes da provincia se teñan que desprazar a outros centros asociados a realizar prácticas.

A sede da **Uned** en Lugo conta cunha superficie exterior de 4.000 metros cadrados, dos que 2.000 se converterán en zona de circulación e aparcadoiro, con preto de 100 prazas, así como en zona peonil. Este área de estacionamento atópase no lugar onde estaba o bloque 2, usado como vivenda de traballadores do Hotel Miño, que foi derrubado polo seu estado ruinoso.

No bloque 3 do Hotel Miño está xa dende abril a brigada de mantemento da Deputación, composta por 32 traballadores, así como o Arquivo Provincial, departamento que se trasladou do Pazo de San Marcos e do Inludes.

CONVENIO. Deputación, Concello de Lugo e **UNED** asinaron un convenio de colaboración mediante o cal, unha vez executadas as obras de adecuación do Hotel Miño, a institución provincial formalizará a cesión do inmoible á universidade por



Edificio da sede da **Uned** lucense.



O novo centro da Uned contará cunha superficie de case 2.000 metros cadrados e terá outros 4.000 de espazos exteriores

30 anos. O Concello lucense farase responsable do acondicionamento e mantemento das zonas verdes pertencentes ao complexo.

O edificio contará con instalacións de equipamento para redes de telecomunicacións, así como para equipos informáticos e audiovisuais.

No Centro Asociado de Lugo pódense cursar actualmente 21 titulacións de grao. Coa nova infraestrutura, calquera estudante do noroeste peninsular poderá cursar todos os graos que ofrece a **Uned**. Ademais tamén se pode estudar

o curso de acceso á universidade para maiores de 25 anos, 40 anos e 45 anos.

Para a posta en marcha de esta sede da Universidade a Distancia farán falta arredor de cen persoas, segundo fontes da **Uned**.

OUTRAS ACTUACIÓNS. A Deputación de Lugo, dentro da súa liña de potenciación do talento universitario, non só impulsou as obras da sede da **Uned**, senón que tamén desenvolveu un plan de choque para fomentar a matrícula no campus de Lugo, que inclúe axudas

para gastos de matrícula, bolsas para impulsar a investigación, así como a captación de talento nacional e internacional.

A institución paga a matrícula íntegra aos 135 mellores expedientes de Galicia de bacharelato, formación profesional e de grado, que estuden no Campus de Lugo. Esta iniciativa, que comezou da man de José Ramón Gómez Besteiro e continúa con Darío Campos, serve para a posta en valor a capital luguesa como cidade universitaria e para recoñecer o esforzo do alumnado galego.